



TERRITORIO
VÁKNER

III Edición

CONCURSO TERRITORIO VÁKNER

CONTOS DE MISTERIO NO CAMIÑO

BASES

- 1. Obxecto:** O obxectivo do presente concurso é descubrir o talento literario e espertar a imaxinación entre os escolares dos concellos polos que transcorre o Camiño de Fisterra: Santiago, Ames, Negreira, Santa Comba, Mazaricos, Dumbría, Cee, Corcubiión, Fisterra e Muxía. Ó mesmo tempo, preténdese darlle dimensión literaria ao feito histórico de que no ano 1493 o bispo Mártiros de Arzendján, de Armenia, se enfrontou nas terras de Dumbría a un monstro.
- 2. Participantes.** Haberá dúas categorías. Na primeira poderán participar todos os nenos que estuden 3.º ciclo de primaria, cursos 5.º e 6.º, dos colexios polos que transcorre o Camiño de Fisterra e Muxía. E a segunda é para estudantes de ESO dos centros dos municipios polos que transcorre o Camiño de Fisterra e Muxía.
- 3. Texto:** Cada unha das creacións poderá ter unha extensión máxima de 1.500 caracteres. A temática dos contos deberá estar relacionada cos misterios ou terror e, en concreto, co Vákner, o monstro ao que tivo que enfrontarse o bispo Mártiros, o Camiño de Fisterra e Muxía.

4. **Desenvolvemento:** De entre todos os contos recibidos, o xurado elixirá cinco de cada unha das dúas categorías que serán publicados en La Voz de Galicia.
5. **Categorías e Premios:** Establécense premios aos tres mellores de cada categoría e diplomas aos demais seleccionados .
6. **Prazo e lugar de inscrición:** Cada colexio deberá enviar os textos correctamente identificados á dirección de correo electrónico eventos.carballo@lavoze.es, antes del 20 de maio.

Organizan:

La Voz de Galicia



Patrocinan:

